



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa ao imposto especial sobre o saneamento en Ferrol e a privatización deste servizo público.

Exposición de motivos

A resultas do proxecto de depuración e saneamento para a ría de Ferrol que explicitamente ten como obxectivo a evacuación de descargas sanitarias e pluviais para a mesma elaborouse por parte do Concello de Ferrol unha ordenanza fiscal que entrou en vigor o pasado mes de setembro e que contempla unha taxa polo servizo.

Desde múltiples instancias sociais e veciñais solicitouse do goberno municipal información ao respecto toda vez que as discrepancias tanto de fondo como de forma eran e son manifestas tanto coas plataformas cidadás constituídas para facer o seguimento dunha obra de interese xeral como co veciño concello de Narón.

Non se pode deixar á marxe dunha exposición de motivos sobre a taxa o modelo de saneamento escollido, que desbotou alternativas técnica e economicamente máis sustentables como son os Sistemas Urbanos de Drenaxe Sostible, así como a continuación dos investimentos en redes separativas para facer o sistema compatible co seu funcionamento natural. Por contra optouse por un sistema de altos custes

enerxéticos (co prezo unitario da enerxía eléctrica como variante fundamental) e con realización de tratamentos complexos, caros, en definitiva, e de altos custos económicos para as administracións e as persoas usuarias co fin de proceder a unha encomenda de xestión de servizo con EMAFESA, empresa concesionaria que subcontratará o mantemento.... De novo servizos públicos esenciais restan nas mans da interminable cadea de interese privados aínda que sexa con empresas públicas pantalla.

O modelo de saneamento proposto é escurantista no seu deseño e obsoleto desde o punto de vista técnico. Traerá consecuencias negativas desde o punto de vista medioambiental xa que non vai poder cumprirse a normativa comunitaria que regula o ciclo da auga no seu conxunto e protexe as nosas rías. O saneamento urbano desexable é o baseado en redes separativas e habería que garantir que o esforzo inversor dos últimos anos neste punto sexa compatible co modelo de saneamento a escoller.

O protocolo asinado pola Xunta e o Concello permite unha xestión privada do saneamento que hipoteca economicamente aos veciños durante décadas. A encomenda de xestión a Emafesa permite que se faga extensivo ao saneamento o modelo de negocio que xa Urbaser vén poñendo en práctica para o abastecemento da auga cos resultados xa coñecidos: as perdas de Emafesa son os beneficios de Urbaser.

A taxa está calculada en función do modelo escollido e inclúe, polo tanto, a cobertura ao negocio de Urbaser xa que incorpora os custos de mantemento que son sostén do incremento do lucro da parte privada

Quizais o escurantismo con que se leva todo o proceso tanto de construción da obra pública como de implementación da taxa teña que ver coa parte do convenio asinado pola Xunta, a entidade pública empresarial Augas de Galicia, os concellos de Narón e Ferrol e a Sociedade Estatal da Conca Norte SA e que recolle nun dos seus puntos que Acuagest poderá dispoñer dos orzamentos públicos, tanto municipais como autonómicos, para resarcirse da falta de pagamento durante os 45 anos de explotación ao que ten dereito. Isto nunha obra de interese xeral e sendo a ría de Ferrol un ben

común a protexer.

O escurantismo non é un problema formal afecta tamén a outras cuestións de fondo xa que a falta de información da que adoece a cidadanía de Ferrol (está en marcha un proceso de recollidas de sinaturas para solicitar audiencia pública e consulta popular) a propósito da elaboración dos cálculos necesarios para concluír cal é o custe do saneamento non é unha cuestión meramente formal senón que supón tanto un entorpecemento á labor de fiscalización necesarias como á claridade coa que se debe proceder cando se cobra un servizo mediante taxa.

Porque a estimación do valor da taxa non está minimamente xustificada por supoñer actividades da estación de depuración (EDAR) baseados nunha produción anual .É dicir faise unha previsión en base a unha determinación de dous caudais anuais e establécese unha estimación de custos sen que se poda introducir unha cláusula de revisión.

Porque xa se está a cobrar o período impositivo de xuño a setembro sen que aínda entrara en servizo a totalidade do sistema de saneamento convertendo unha taxa por prestación de servizo nun imposto especial. De maneira que se vulneran as leis estatais e comunitarias, caso do artigo 83. B da Constitución que no permiten ditar normas con carácter retroactivo, outrosí dos artigos 57.3 e 62.2 da lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común que abundan nesta doutrina.

Por todo o exposto, o grupo parlamentar da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a que adopte as medidas adecuadas para suspender o cobro dun imposto especial sobre o saneamento que ten carácter retroactivo, supón unha dupla imposición e se formula sen que se produza o feito imponible.



- O Parlamento Galego insta á Xunta a reformular o convenio asinado de maneira que non se permita a privatización do servizo de saneamento e que polo tanto o cálculo da taxa non se vincule ao aumento da cifra de negocio da actividade adicional de EMAFESA.

En Compostela, a 18 de febreiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 18/02/2015 14:18:58